[MVAG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **11 de outubro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Cristina Sanz Arias (P)
(Presidenta)
María Deza Martínez (P)
(Vicepresidenta)
Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
(secretaria -en funcións-)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Miguel Fidalgo Iglesias
Rubén Lorenzo Gómez
María Felisa Rodríguez Carrera
Ángel Rodríguez Conde
Borja Verea Fraiz
Miguel Ángel Viso Diéguez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
José Manuel Golpe Acuña
Carmela González Iglesias
José Daniel Pérez López
Brais Ruanova Vilas-Boas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Patricia Iglesias Rey
Lara Méndez López
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Don Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:
Director xeral de Comercio e Consumo

Letrada:
María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria -en funcións- que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Previamente, a presidenta dá conta da entrada no Rexistro do doc. núm. 12875, no que a Xunta de Galicia solicita o **aprazamento** da pregunta que figura como 1.1, doc. núm. 7607, para unha posterior sesión da Comisión; aprazamento que se acepta por asentimento (artigo 88 do Regulamento da Cámara):

1.1 7607 (12/POC-001237)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre o acceso á información relativa ás liñas de axudas que a Axencia de Turismo de Galicia destina ás asociacións locais para promocionar as festas parroquiais, o prazo en que están activas, as contías e as características dos supostos convenios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 13.08.2024

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto primeiro da orde do día e pásase ao debate da segunda iniciativa:

Punto 1. Preguntas

1.2 9710 (12/POC-001634)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Carrera, María Felisa e 7 máis
Sobre o impacto da última edición da feira de artesanía "Corazón da artesanía. Encontro de artesanía tradicional e popular de Galicia" e os vindeiros pasos do Goberno galego neste ámbito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

A presidenta concédelle a palabra á señora Rodríguez Carrera (P), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre o balance do Goberno galego da última edición da feira de artesanía “Corazón da artesanía”.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Gabriel Alén Castro.

Na rolda de réplica a señora Rodríguez Carrera (P) agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Gabriel Alén Castro, e con cuxa intervención se pecha o debate da iniciativa.

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta agradécelle ao señor Alén Castro, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión, da que se ausenta.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 3948 (12/PNC-000492)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da creación e activación do Observatorio Turístico de Galicia para que, xunto con outras entidades, proporcione o coñecemento base para definir o modelo turístico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f1, do 22.05.2024

A presidenta, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución polo G.P. Popular de Galicia, doc. 1332, e deseguido, concédelle a palabra ao señor Pérez López (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o señor Verea Fraiz (P), quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, motiva a emenda de substitución que presenta o seu grupo ao texto resolutivo da proposta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) declina a súa intervención e fai uso da palabra a señora Méndez López (S), quen expón as súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable do seu grupo á proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións o señor Pérez López (BNG), logo de comentar as argumentacións das anteriores intervencións, motiva que non acepta a emenda do G.P. Popular de Galicia.

Deseguido, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 10906 (12/PNC-001025)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxectivo de que elabore un censo mineiro e leve a cabo unha planificación deste sector en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f1, do 20.09.2024

A presidenta, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución polo G.P. Popular de Galicia, doc. 13092, concédelle a palabra á señora Iglesias Rey (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre a elaboración dun censo mineiro ou plan de minería de Galicia.

Na rolda do grupo parlamentario emendante o señor Lorenzo Gómez (P), expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e defende a emenda de substitución do seu grupo co pronunciamento favorable da proposta, se é o caso, si se acepta á súa emenda de substitución.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) declina a súa intervención e fai uso da palabra o señor Golpe Acuña (BNG), quen expón diversas consideracións a respecto das manifestacións dos anteriores intervenientes co pronunciamento favorable do seu grupo ao texto resolutivo da proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións a señora Iglesias Rey (S) expón diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións e motiva que non van aceptar a emenda do grupo maioritario.

Seguidamente, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 11528 (12/PNC-001094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis
Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de mellorar a obtención de beneficios para os concellos e a sociedade derivados da enerxía eólica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024

A presidenta, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. 13085, concédelle a palabra ao señor Golpe Acuña (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa que insta o Goberno galego sobre as accións a levar a cabo para mellorar a obtención de beneficios para os concellos e a sociedade derivados da enerxía eólica (No decurso da súa intervención a deputada, Lara Méndez López (S), auséntase da sesión).

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Iglesias Rey (S), quen motiva a emenda de adición do seu grupo, á vez que se posiciona a prol da proposta formulada.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) declina a súa intervención e intervén o señor Lorenzo Gómez (P), quen expón diferentes

PARLAMENTO DE GALICIA

consideracións a respecto das argumentacións das anteriores intervencións e anuncia o rexeitamento do seu grupo á proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións o señor Golpe Acuña (BNG), quen, logo de rebater moitos dos argumentos expostos polo voceiro do grupo maioritario, expón as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.

Ao esgotarse o debate, a presidenta procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria e que se relaciona a seguir:

1) Iniciativa **doc. núm. 3948 (12/PNC-000492), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor..... 7(GGPP: BNG+S+M)
. votos en contra..... 9(G.P.:P)
. abstencións..... 0

2) Iniciativa, **doc. núm. 10906 (12/PNC-001025), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor..... 7(GGPP: BNG+S+M)
. votos en contra..... 9(G.P.:P)
. abstencións..... 0

3) Iniciativa, **doc. núm. 11528 (12/PNC-001094), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor..... 5(G.P: BNG)
. votos en contra..... 9(G.P.:P)
. abstencións..... 2(GGPP: S+M)

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta agradécelles a todos os presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:30 horas.

V. e pr.

Cristina Sanz Arias

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.28 11:59:33 +01'00'

Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2024.10.28 10:26:29 +01'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria -en funcións-da Comisión